

## Celso Ferreira da Cunha

RAMÓN LORENZO

No mes de abril do presente ano morreu en Río de Xaneiro o profesor Celso Ferreira da Cunha, o lingüista-filólogo brasileiro de máis proxección no mundo románico. Celso Cunha naceu en Teófilo Otôni (Minas Gerais) en 1917, estudiando Dereito na Facultade Nacional de Dereito de Río de Xaneiro e Filosofía e Letras na Facultade Nacional de Filosofía da mesma Universidade. Despois de obte-lo grao de Doutor en Letras foi catedrático da Facultade de Letras da Universidade Federal de Río de Xaneiro, así como da Facultade de Humanidades Pedro II e do Colégio Pedro II, ocupando durante varios anos o cargo de Decano do Centro de Letras e Artes da Universidade Federal e durante 10 anos o de Director da Facultade de Humanidades Pedro II. Amais destes cargos académicos cómpre lembrar que foi Secretario Xeral de Educación e Cultura do Goberno Provisorio do Estado da Guanabara en 1960, Membro do Consello Federal de Educación (de 1962 a 1970), Membro do Consello Federal de Cultura (nos últimos anos) e durante 4 anos Director da Biblioteca Nacional. Desde 1952 a 1955, 1970 a 1972 e en 1983 deu clases na Sorbonne de París e en 1966 na Universidade de Colonia. Tamén foi nomeado Doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Granada e foi membro de numerosas sociedades, academias e asociacións científicas. O 4 de decembro de 1987 leu o seu discurso de ingreso na Academia Brasileira de Letras, para a que fora elixido despois dunha disputada campaña electoral contra un candidato apoiado polo Goberno brasileiro.

A actividade investigadora de Celso Cunha está marcada fundamentalmente polos estudos sobre a poesía medieval, ós que hai que engadir diversos traballos sobre a lingua portuguesa. Despois da súa primeira contribución "Em tórno dos conceptos de gíria e calão" (publicado na *Miscelânea de Estudos em honra de Antenor Nascentes*, Río de Xaneiro, 1941, pp. 65-97), axiña comezou coa investigación sobre os cancioneiros, que lle deu grande fama, preparando a edición de *O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho, trovador do século XIII. Aspectos literários. Texto Crítico* (Río de Xaneiro, 1945), texto dactilografado do que prometeu sempre unha segunda edición e que, lamentablemente, nunca chegou a publicar, se ben a parte introductoria do libro foi aproveitada polo autor en estudos posteriores. Anos despois apareceron *O Cancioneiro de Joan Zorro. Aspectos lin-*

güísticos. *Texto crítico. Glossário* (Río de Xaneiro, 1949) e *O Cancioneiro de Martin Codax* (Río de Xaneiro, 1956). Estas edicións foron modélicas no seu tempo e seguen sendo actuais, pois nelas Celso Cunha fai un estudio completo das principais características poéticas e lingüísticas, cunha análise detallada da métrica e un glosario exhaustivo.

A temática trovadoresca xa non foi abandonada ata a súa morte polo autor brasileiro, especialmente os asuntos relacionados coa métrica e a poética, pois en sucesivos traballos volveu sempre ó tema, ás veces repetindo a mesma doutrina, outras engadindo ou reformando ideas anteriores. Así, apareceu en primeiro lugar o seu libro *A margem da poética trovadoresca: o regime dos encontros vocálicos interverbais* (Río de Xaneiro, 1950), que aparece recollido máis tarde, xuntamente con outros traballos, nos *Estudos de Poética Trovadoresca* (Río de Xaneiro, 1961). Neste libro analiza o hiato, a sinalefa e a elisión na poesía trovadoresca, a rima de vocal oral con vocal nasal, o emprego do *dobre* e a análise dalgunhas *fiindas*, con referencia especial ás cantigas de Xoán Zorro e fundamentalmente ás de Gómez Chariño. Anos máis tarde apareceron os *Estudos de versificação portuguesa (séculos XIII a XVI)* (París, 1982), nos que recolle todo o publicado no libro anterior acrecentándoos cun estudio sobre o *e* paragóxico na épica e na lírica, outro sobre a regularidade e irregularidade na versificación do primeiro *Auto das Barcas* de Gil Vicente e outro sobre o hiato, a sinalefa e a elisión nas églogas de B. Ribeiro e no *Crisfal*.

A estes traballos debemos suma-lo libro *Língua e Verso*, do que se publicaron 3 edicións (Río de Xaneiro, 1963 e 1968; Lisboa, 1984), xa que nel se inclúen (con variantes segundo a edición) os traballos citados sobre o *e* paragóxico, o *Auto das Barcas* e B. Ribeiro e o *Crisfal*, que se completan cun estudio sobre un paso da "Cantiga da Garvaya", outro sobre o decasílabo de Camilo Pessanha e dous sobre Camões (a lectura dun verso camoniano e sobre poética e onomástica en *Os Lusíadas*). Unha última contribución represéntaa o seu libríño *Significancia e Movencia na Poesía Trovadoresca. Questões de Crítica Textual* (Río de Xaneiro, 1985), no que fai unhas consideracións moi atinadas sobre problemas de crítica textual.

O tema da crítica textual era unha das súas paixóns e reiteradamente o achamos nos seus traballos, con referencias constantes á lírica trovadoresca e ós problemas que plantean os textos polo uso do hiato, da sinalefa, da elisión vocálica, da suposta rima de vocal oral con vocal nasal, etc. A isto únese o interese mostrado por aspectos semellantes na poesía do *Cancioneiro* de Resende e en poetas do século XVI. Celso Cunha era a persoa máis preparada para facer un tratado de versificación medieval e clásico e é pena que non chegase a escribilo.

Outro aspecto importante da súa obra constitúeno os traballos de carácter lingüístico, empezando polos seus manuais de portugués para o bacharelato, polos que estudiaron no Brasil unha boa morea de rapaces. Refírome ó *Manual de Português. 1ª e 2ª séries ginásiais* e *Manual de Português. 3ª e 4ª séries ginásiais*, ós que

debemos engadir *Manual de Português. Admissão ao Ginásio. 5ª e 6ª primárias*, todos eles publicados en Río de Xaneiro e que contan con numerosísimas edicións. Estes traballos servíronlle de preparación para a *Gramática do Português Contemporâneo* (1ª ed. Belo Horizonte, 1970) e para a *Gramática da Língua Portuguesa* (1ª ed. Río de Xaneiro, 1972), dous libros fundamentais para o estudo da lingua do Brasil. Con esta preparación e experiencia non é de estrañar que Celso Cunha, unindo os seus coñecementos ós do grande lingüista portugués Luís F. Lindley Cintra, fose co-autor da gramática máis famosa dos últimos tempos, a *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, publicada simultaneamente en Portugal e no Brasil en 1984. Tamén en colaboración, esta vez con Wilton Cardoso, publicou un libro en 1970 destinado ó Instituto e que despois serviu tamén para os estudantes universitarios. Refírome a *Estilística e Gramática Histórica. Português através de textos* (nova edición en Río de Xaneiro, 1978).

Lembremos, por outra banda, que, amais das gramáticas, a Celso Cunha interesáronlle os problemas da lingua, en relación á norma, ás diferencias entre a lingua de Portugal e Brasil, á situación do portugués no mundo ou ós crioulos. Así temos *Uma política do idioma* (Río de Xaneiro, 1964; 5ª ed. 1984), *Língua portuguesa e realidade brasileira* (Río de Xaneiro, 1968; 8ª ed. 1982), *A questão da norma culta brasileira* (Río de Xaneiro, 1985), *Que é um brasileiro* (Río de Xaneiro, 1987) e *Língua, Nação, Alienação* (Río de Xaneiro, 1981). Estes temas atraíano e estaba preparado para desenvolverlos. Formaban parte todos dunha idea moi cara para el, que era a realización dunha *História da Língua Portuguesa no Brasil*. Vínhaa anunciando desde hai varios anos, falaba sempre dela e estaba capacitado para facela, pero non a chegou a realizar. Desta maneira privounos dunha obra importante, pois os coñecementos de Celso Cunha en materia lingüística eran profundos e seguramente tería feito un traballo de enorme valía.

A toda a súa contribución filolóxica e lingüística debemos engadir outras facetas do autor brasileiro. En primeiro lugar cómpre lembra-la súa extraordinaria biblioteca, unha das máis ricas en mans privadas. Celso Cunha seguía moi de cerca toda a produción filolóxica e lingüística e compraba constantemente libros actuais ou antigos. Para el o feito de ler libros constituía un pracer e este pracer estaba asociado a unha memoria prodixiosa, que lle permitía saber en que libros tiña a información necesaria para os seus traballos. En segundo lugar entran en xogo as conversas, pois Celso Cunha era un mestre da conversa e as horas con el pasaban coma se se tratase de leccións universitarias sobre tódolos temas tratados nos seus libros.

A morte do eminente estudioso fluminense representa unha perda importante non só para a cultura brasileira, senón tamén para toda a cultura de expresión portuguesa e, en definitiva, románica, posto que se trataba dunha das figuras máis coñecidas e populares. Non esquezamos tampouco que para el a cultura galega era totalmente familiar e que contaba con numerosos amigos entre os intelectuais e científicos da nosa terra.